

ACTA DE REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN (EXAME PRÁCTICO) PARA O PROCESO DE SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRES (3) PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE CONDUCTOR/A-MOTOBOMBISTA (GC8) DO CONCELLO DE TEO.

Sendo as 12:00 horas do día 19/06/2026 reúnese, na Nave do Concello sita en Lucí, o tribunal para a selección de persoal laboral temporal, por concurso-oposición, de tres (3) persoas na categoría de condutor/amotobombista, para o desempeño de tarefas de condución de vehículo motobomba forestal e manexo da motobomba en labores de prevención e defensa contra incendios forestais.

Presidente:

D. Jesús Naveira Vázquez, xefe de servizos xerais do Concello de Teo

Vogal:

D. Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo

Secretaria:

D^a. Carmen Vidal González, administrativa do Concello de Teo.

Realizado o chamamento das persoas aspirantes preséntanse á proba:

- Barreiro Bugallo, Mateo
- Iglesias López, Martiño
- Mouro Capelo, Ignacio
- Ruibal Rosende, Martín
- Veleiro Ferreiro, José

De acordo co disposto na base sexta, realízase unha proba consistente en:

“- Fase de oposición: ata un máximo de 25 puntos.

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatória, relacionada co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito habitual no posto de traballo ofertado. A finalidade da proba será que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas habituais desempeñadas polos/as condutores/as-motobombistas durante un operativo de incendio forestal.

A puntuación máxima desta fase será de 25 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos para considerar a mesma superada.

A cualificación da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media aritmética das puntuacións outorgadas polos membros do tribunal con voz e voto. De producirse empate na puntuación final, este resolverase a favor da persoa aspirante que acadase maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra resultante do sorteo anual realizado pola Xunta de Galicia para determinar a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos da Administración autonómica vixente na data de publicación destas bases. De continuar o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, e así sucesivamente”.

O exercicio consiste en:

- 1.- Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)
- 2.- Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)
- 3.- Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)

O tempo máximo da proba será de 30 minutos.

A proba iníciase as 12:00 e remata as 13:00 horas

Rematado o exercicio o tribunal procede á avaliación da proba dos participantes presentados, obténdose o seguinte resultado:

FASE OPOSICIÓN (25 puntos). 19 de xuño de 2026. CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA	
ASPIRANTE	BARREIRO BUGALLO, MATEO
Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)	0.0 No soubo poñer en marcha a bomba. Non conectou a toma de forza e tiña o camiión coa cuarta marcha posta.
Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)	----
Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)	----
TOTAL PUNTOS	0.00
FASE OPOSICIÓN (25 puntos). 19 de xuño de 2026. CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA	
ASPIRANTE	IGLESIAS LÓPEZ, MARTIÑO
Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)	9.00
Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)	9.00
Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)	5.00
TOTAL PUNTOS	23.00

FASE OPOSICIÓN (25 puntos). 19 de xuño de 2026. CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA	
ASPIRANTE	MOURO CAPELO, IGNACIO
Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)	6.00 Cometeu certos erros a hora de conectar a toma de forza.
Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)	7.00 Apertura da válvula de xeito brusco e sen desprezar a manguera na súa totalidade.
Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)	5.00
TOTAL PUNTOS	18.00

FASE OPOSICIÓN (25 puntos). 19 de xuño de 2026. CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA	
ASPIRANTE	RUIBAL ROSENDE, MARTÍN.
Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)	0.00 No soubo poñer en marcha a bomba. Non conectou a toma de forza.
Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)	----
Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)	----
TOTAL PUNTOS	0.00

FASE OPOSICIÓN (25 puntos). 19 de xuño de 2026. CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA	
ASPIRANTE	VELEIRO FERREIRO, JOSÉ LUIS.
Conexión e desconexión da bomba no vehículo forestal, seguindo as indicación do persoal técnico (10 PUNTOS)	9.00
Desenrolo dunha liña de saída da auto bomba (tendido) para abastecer a unha punta de lanza. Apertura da válvula de corte e uso da lanza. (10 PUNTOS)	9.00
Recollida e colocación de todo o material empregado, desconexión da bomba e apagado do vehículo.(5 PUNTOS)	5.00
TOTAL PUNTOS	23.00

Á vista das puntuacións obtidas nas fases de concurso e na de oposición, o resultado final do proceso selectivo é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Concurso	Proba práctica	Total
Barreiro Bugallo, Mateo	**0971***	1,10	0	1,10 puntos
Dieste Otero, Francisco	**7956***	0,25	--	0,25 puntos
Iglesias López, Martiño	**8470***	3,20	23	26,20 puntos
Mouriño Casal, Jacobo	**4156***	5,00	--	5,00 puntos
Mouro Capelo, Ignacio	**8061***	3,80	18	21,80 puntos
Pampín Iglesias, David	**6285***	1,00	--	1,00 puntos
Pazos Suená, Nicolás	**8049***	1,15	--	1,15 puntos
Ruibal Rosende, Martín	**6302***	0,25	0	0,25 puntos
Veleiro Ferreiro, José	**8724***	0,85	23	23,85 puntos
Villaverde Fernández, Antonio	**8624***	1,15	--	puntos

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal ACORDA:

1º. Cualificar aos aspirantes Martiño Iglesias López, Ignacio Mouro Capelo e José Veleiro Ferreiro como aptos.



2º. Propoñer á Alcaldía a contratación dos tres aspirantes aptos como conductores de motobomba, por un período de tres (3) meses, xornada completa.

3º. Publicar na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados ca puntuación obtida.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asínase por todos os membros do tribunal.

Presidente
Jesús Naveira Vázquez

Vogal
Luis Javier Castro Martínez

Secretaria
Carmen Vidal González.